



↑ Kontinental'25, (Radu Jude) ESTREA 12 DEC

NUMAX PRESENTA:

96 | DECEMBRO 2025



Librería

Agasallos de Nadal

Un ano máis aquí estamos, pensando regalos para facervos máis levadeiro este mes que vén por diante. Deixámosvos unha pequena selección de títulos que chegaron este ano á librería e que nos parecen boas ideas para agasallar neste Nadal.



ABC Seoane

Piu Martínez,
Cibrán Rico,
Suso Vázquez

FABULATORIO | 20€



Grande e pequena

Arianna Squilloni e Raquel Catalina

KALANDRAKA | 17€



Os antropólogos

Ayşegül Savaş

RODOLFO
E PRISCILA | 19,50€



Un destino común

Lucrecia Martel

CAJA NEGRA | 22€



Artefactos importantes...

Leanne Shapton

COMISURA | 20€



Terra de sacrificio

Suso de Toro

XERAIS | 17,95€



La intrusa


Irene Pujadas

H&O | 18€



Cartas de Maruja Mallo

RENACIMIENTO | 21,90€



Bosque

Antón Blanco

GALAXIA | 11,90€


Presentacións | Decembro 2025

XOVES 4 DE DECEMBRO ÁS 19:00H

Presentación de *Caligrafía das espigas* (APIARIO) de **Carlos Negro**. O autor estará acompañado pola escritora **Rosa Aneiros** e a editora **Antía Otero**.

XOVES 11 DE DECEMBRO ÁS 19:00H

Presentación de *La edad infinita* (TRÁNSITO) de **Miriam Reyes**. A autora estará acompañada pola escritora **Olalla Cocña**.





F O C O

MARTES 2 DE DECEMBRO

LA JETÉE

La jetée, 1962, 29'

A EMBAIXADA

L'Ambassade, 1973, 21'

**A SEXTA CARA
DO PENTÁGONO**

La Sixième Face du Pentagone, 1968, 28'

MARTES 9 DE DECEMBRO

**A SOIDADE
DO CANTANTE
DE FONDO**

*La solitude du chanteur
de fond*, 1978, 60'

CASCO AZUL

Casque bleu, 1955, 52'

**VIAXEIRO,
POETA,
CINEASTA**

C H R I S

MARTES 16 DE DECEMBRO

LEVEL FIVE

Level Five, 1997, 104'

MARTES 23 DE DECEMBRO

**O RECORDO
DUN PORVIR**

Le souvenir d'un avenir, 2001, 42'

**GATOS
PENDURADOS**

Chats perchés, 2004, 58'

M A R K E R

NUMAX 10

numax.org

Proserpafilms

Filme do mes:



KONTINENTAL '25 ESTREA 12 DEC

Radu Jude, 109', ROM, VOSE, +16

Con Eszter Tompa, Gabriel Spahiu

Orsolya é alguacila na cidade de Cluj, en Transilvania. Fiel ao seu cargo, debe executar o desafuzamento dun home sen teito que vive no soto dun edificio do centro destinado a converterse nun hotel de luxo. Pero un suceso inesperado confróntaa de súpeto coas súas propias contradicións desencadeando nela unha profunda crise moral.

Radu Jude, un dos grandes expoñentes do novo cinema romanés, rende homenaxe ao clásico de Rossellini, *Europa '51*, ao tempo que explora a culpabilidade de Occidente e os dilemas morais dun sistema económico que non logra garantir as condicións de vida dos seus cidadáns.

🏆 **Mellor Guión**
Berlinale 2025





VALOR SENTIMENTAL **ESTREA 5 DEC**

Joachim Trier, 135', NOR, VOSE, +12

Con Renate Reinsve, Stellan Skarsgård

Nora e Agnes reencóntranse co seu pai, Gustav, antigo director de renome que lle ofrece a Nora, actriz de teatro, un papel na súa próxima película. Ela rexéitao e axiña descobre que lle deu o seu papel a unha nova e entusiasta estrela de Hollywood.

🏆 **Gran Premio do Xurado Cannes 2025**

ARO BERRIA **ESTREA 12 DEC**

Irati Gorostidi, 102', EUS, VOSE, +16

Con Maite Muguerza Ronse, Óscar Pascual López

Donostia, 1978. O cadro de persoal da fábrica de contadores de auga reúne en asemblea para debater unha folga que finalmente non prospera. Decepcionados, os máis inconformistas dirixen as súas aspiracións de transformación social cara aos ámbitos máis íntimos.

🏆 **New Directors Donostia 2025**

O ESTRANXEIRO **ESTREA 19 DEC**

François Ozon, 120', FR, VOSE

Con Benjamin Voisin, Rebecca Marder

Alxeria, 1938. Meursault, home tranquilo e reservado, asiste ao funeral da súa nai sen derramar unha bágoa. Ao día seguinte, inicia unha aventura con Marie, unha compañeira de traballo, e volve á súa rutina con aparente normalidade. Baseado na novela de Albert Camus.

🏆 **Sección Oficial Venecia 2025**

REGRESO AO FUTURO: 40 ANIVERSARIO **ESTREA 23 DEC**

Robert Zemeckis, 116', ING, VOSE / VE, 1985


Con Michael J. Fox, Christopher Lolyd

Doc, un científico a quen toman por tolo, crea unha máquina para viaxar no tempo. Nela Marty McFly chega a 1955, cando os seus futuros pais aínda non se coñecen. Tras impedir o seu primeiro encontro, ten que conseguir que se coñezan e casen.

🏆 **4 Nominacións Oscar 1985**



📌 **Antes de cada pase proxectarase a curta *El volcán* (SAFICA Films, 4 min), gañadora do CO- Festival Cine Cooperativo 2025.**



📌 **El extranjero .
Albert Camus
RANDOM HOUSE | 17,90€**





FATHER MOTHER SISTER BROTHER **ESTREA 24 DEC**

Jim Jarmusch, 110', ING, VOSE

Con Tom Waits, Adam Driver

Tres historias sobre relacións entre pais e fillos en países diferentes. Un estudo de personaxes tranquilo, observacional e sen prexuízos. Unha comedia entretecida con fíos de melancolía.

🏆 **León de Ouro Venecia 2025**

ARIEL **ESTREA 24 DEC**

Lois Patiño, 105', PT, VOSE

Con Agustina Muñoz, Irene Escolar

Unha actriz viaxa ás Azores para actuar n'A *tempestade* de William Shakespeare. Ao chegar non encontra nin compañía nin teatro. Tras coñecer a Ariel, descobre que a obra xa comezou: a illa enteira é un teatro e os seus habitantes son personaxes.

🏆 **Sección Oficial Rotterdam 2025**



i Presentación e coloquio
co director | 10 DEC

Os ollos verdes



BALEARIC **PASE ÚNICO 12 DEC**

Ion de Sosa, 74', ESP, VO, +16

Con Lara Gallo, Christina Rosenvinge

Na véspera de San Xoán, uns mozos cóanse na piscina dunha luxosa casa e sofren o ataque de tres feroces cans que os manteñen prisioneiros. No entanto, os veciños reúnen nunha festa para celebrar o comezo do verán.

🏆 **Sección Oficial Locarno 2025**

CURTAMETRAXES JEAN-JACQUES MARTINOD

PASE ÚNICO 15 DEC

Jean-Jacques Martinod, 72', ESP, VO

En colaboración co festival Novos Cinemas de Pontevedra, programamos *La bala de Sandoval* (2019), *Antes del diluvio* (2020) e *Alborada de Datura* (2021) do ecuatoriano de Martinod, nas que combina materiais de arquivo, fitas analóxicas, medios dixitais, operacións sinestésicas e diarios de viaxe.



i Presentación e coloquio
co director

Pases especiais



i Presentación e coloquio
co director

O CAMIÑO DE COVA EIRÓS PASE ÚNICO 20 DEC

Xose González Varela, 52', GAL/ESP, VO

En 2012, un grupo de arqueólogos descobre as primeiras pinturas rupestres de Galicia na Cova de Eirós, nos Ancares. O documental recolle o seu labor ao longo de varios anos, achegándose ao traballo arqueolóxico dunha forma íntima e minuciosa.



TI E MÁIS EU PASE ÚNICO 29 DEC

Leo McCarey, 119', ING, VOSE, 1957

Con Cary Grant, Deborah Kerr

Un *playboy* e unha cantante coñécense nun luxoso trasatlántico e viven un apaixonado romance. Aínda que ambos están comprometidos, establecen un pacto: se seis meses despois seguen a sentir o mesmo encontraranse no Empire State Building.

🏆 4 nominacións Óscar 1957



ALGO PARA RECORDAR

PASE ÚNICO 30 DEC

Nora Ephron, 101', ING, VOSE, 1993

Con Tom Hanks, Meg Ryan

Tras a morte da súa muller, Sam Baldwin está deprimido. O seu fillo, Jonah, convencido de que seu pai precisa un novo amor, chama a un programa de radio para contar a súa historia. Comedia romántica de culto dos anos 90 inspirada no *Ti e máis eu* de Leo McCarey

Pioneiras



NOT WANTED PASE ÚNICO 11 DEC

Ida Lupino / Elmer Clifton, 91', ING, VOSE

Con Sally Forrest, Keefe Brasselle

Tras un romance cun pianista e unha pelexa cos seus pais, unha moza de 19 anos abandona a súa casa e descobre que está embarazada. Debut na dirección da actriz Ida Lupino, unha das primeiras mulleres en producir e dirixir as súas propias películas en Hollywood.



OS MISTERIOSOS CONTOS DA MACEIRA

PASES ÚNICOS 13-14 DEC

**David Súkup, Patrik Pašš, Leon Vidmar,
Jean-Claude Rozec, 72', ESP, VE**

Cando Tom (4), Susan (8) e Derek (10) visitan o seu avó por primeira vez desde que perderon a súa amada avoa, atopan a casa tranquila e o seu avó distante. Inspirándose na súa avoa, Susan asume o papel de narradora, creando contos encantadores para recuperar a calidez.

🏆 **Generation K Plus Berlinale 2025**



O GRAN NADAL DOS ANIMAIS

PASES ÚNICOS 19-20-21 DEC

VV.AA., 72', ESP, VE

Cinco aventuras cheas de poesía, para celebrar a chegada do inverno e o Nadal, onde os seus protagonistas aprenderán o valor da axuda mutua, a xenerosidade e redescubrirán a beleza da natureza.

EUROPEAN AWARD SEASON



EUROPA '51

PASE ÚNICO 18 DEC

Roberto Rossellini, 113', ITA, VOSE, 1952
Con Ingrid Bergman, Alexander Knox

Un rico matrimonio norteamericano que leva en Roma unha vida despreocupada, ve como o seu fillo se suicida. A nai, traumatizada, decide axudar a xente máis necesitada dos barrios máis humildes, se ben a súa axuda a un ladrón esperta as sospeitas da policía.

🏆 **Mellor Actriz Venecia 1952**

NUMAX 10
10

numax.org

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocínio de

AAAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica

🦋 📷 @numaxcoop